

ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO PROFESORADO AO CONSELLO ESCOLAR (2024)

CONVOCATORIA

De acordo coa *RESOLUCIÓN do 10 de setembro de 2024, da dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos*, a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DO PROFESORADO**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme o establecido no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado segundo ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **TRES (3) profesores ou profesoras**, dun total de **SETE (7)** que debe ter o Consello Escolar. Os outros representantes do profesorado continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2022.

2.- O censo electoral do profesorado está exposto a partir da data no taboleiro de anuncios da sala de profesorado do Centro.

3.- Recórdase que as candidaturas pódense presentar dende **o 6 ao 13 de novembro na secretaría deste centro** segundo o modelo que se enviará por correo electrónico ou na Web <http://www.fernandowirtz.com>

4.- A mesa electoral estará formada polo Director/a do Centro, que actuará como presidente/a, e os profesores/as de maior e menor idade, actuando este último/a como secretario.

5.- Cada profesor/a fará constar na papeleta das eleccións un máximo de **DOUS (2) nomes** da lista de candidatos/as. Teñen dereito a votar o profesorado que se encontra en situación de licencia por enfermidade menor de seis meses.

6.- O voto será directo, secreto e non delegado.

7.- Para dar cumprimento o artigo 35 do referido Decreto 92/1988, do 28 de abril, que establece que en reunión de claustro se proceda a dar lectura das normas legais relativas o procedemento da elección de representantes do profesorado no Consello Escolar, así coma tamén a fixación, en dita reunión, da data de celebración do Claustro para a elección dos mesmos, **convócase Claustro de Profesores/as**, a tales efectos, para o día **13 de novembro, ás 16:30 horas que se celebrará de xeito telemático**.

8.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

A Coruña, 6 de novembro de 2024

O DIRECTOR e Presidente da Xunta Electoral

Asinado dixitalmente

Asdo: Rafael Menéndez de la Vega

